REUNIÓN DA COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 14.09.2017 Hora: 16:00

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de setembro de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas orais en Comisión

1 11317 (10/POC-002121)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da ratio de persoal celador existente no Hospital Comarcal do Salnés, así como as súas previsións respecto da súa equiparación á do resto dos hospitais do Sergas, o establecemento da súa dependencia orgánica da Xefatura de Persoal Subalterno da EOXI e o nomeamento dunha persoa responsable no propio centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 144, do 12.07.2017

2 12978 (10/POC-002231)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as listas de espera non estruturais e as políticas de persoal da Consellería de Sanidade en relación coa cobertura dos permisos de vacacións, así como todas as relacionadas coa atención aos doentes nos hospitais do Sergas durante os meses de verán
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017

3 13133 (10/POC-002279)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis
Sobre a valoración polo Goberno galego da demanda veciñal para a construcción dun centro de día no concello de Rianxo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 159, do 07.08.2017

4 13473 (10/POC-002361)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 2 máis
Sobre as modificacións orzamentarias das partidas da Consellería de

Política Social no ano 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017

5 13897 (10/POC-002451)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 4 máis
Sobre o custo económico completo, en sinalización, papelería, modificacións informáticas e material sanitario, do cambio de nome do Hospital da Costa polo de "Hospital Público da Mariña Lucense"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017

6 14400 (10/POC-002668)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a realización polo Goberno galego dalgún estudo global que permita verificar a eficacia dos plans de emprego xuvenil levados a cabo dende o ano 2009, a súa valoración en relación cos resultados obtidos polas edicións anteriores deses plans e o grao de execución dos seus orzamentos, así como os datos referidos ás persoas beneficiarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2017

Marta Mar²a Rodr²guez-Vispo Rodr²guez
Presidenta da Comisi· n

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.09.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 14.09.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.1 11317(10/POC-002121)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da ratio de persoal celador existente no Hospital Comarcal do Salnés, así como as súas previsións respecto da súa equiparación á do resto dos hospitais do Sergas, o establecemento da súa dependencia orgánica da Xefatura de Persoal Subalterno da EOXI e o nomeamento dunha persoa responsable no propio centro

Publicación da iniciativa, 144, 12.07.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 13:01
Nº Rexistro: 11317
Data envio: 03/07/2017 13:01:01.115

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade de ampliar o cadro de celadores/as do Hospital do Salnés.

O sangrado do sistema sanitario público de Galiza é unha constante, é a folla de ruta do PP á fronte do Goberno galego. Dentro deste sangrado @s profesionais do Sergas son d@s principais damnificad@s por unha política de persoal que o maltrata sistematicamente.

Un exemplo desa política de persoal é o Hospital do Salnés. Desde a súa inauguración, en xaneiro de 2001, sempre contou con servizos e recursos por debaixo das necesidades da poboación á que tiña que prestar asistencia sanitaria, e en concreto a súa a ratio de persoal sempre foi das máis baixa dos centros sanitarios dependentes do Sergas.

Neste contexto @s celadores/as deste hospital están demandando equipararse co resto de hospitais do Sergas. En primeiro lugar nas ratios, e polo tanto que se aumente o número d@s mesm@s, xa que @s que hai na actualidade son totalmente insuficientes para realizar o elevado volume de traballo da súa competencia. En segundo lugar unha estrutura organizativa que permita a súa dependencia das persoas responsábeis de persoal subalterno.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 13:01
Nº Rexistro: 11317
Data envio: 03/07/2017 13:01:01.115

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cando no ano 2008 a xestión do hospital pasou a mans do Sergas, o cálculo que se realizou foi que o cadro de celadores/as preciso para atender as necesidades do hospital era de 30. A día de hoxe, 9 anos despois, a pesares de terse realizado diversas ampliacións no centro, ese cadro só está conformado por 25 persoas, das cales só 6 son fixas. Consideran que este número é totalmente insuficiente, e un agravio comparativo co resto de hospitais, a empezar pola propia EOXI Pontevedra-Salnés. A modo de exemplo, os tres andares de hospitalización, quirófanos, radioloxía e urxencias son atendidos por cinco persoas en quenda de tarde e tres de noite.

Esta situación ten como consecuencia uns ritmos de traballo infames, teñen calculado que as distancias que percorren ao longo dunha xornada laboral é de 10 a 12 oscilómetros, localización permanente a través de móbil desde o que reciben ordes continuamente de labores a realizar, en moitos casos simultáneas, desatender uns servizos para ter que atender outros.

Outra das demandas que realizan é que teñan dependencia orgánica da Xefatura de Persoal Subalterno da EOXI, e o nomeamento dunha persoa responsábel no Hospital do Salnés. Son o único hospital onde dependen de persoal sanitario. Esa dependencia faise precisa para establecer os criterios e prioridades do traballo, ao igual que a elaboración de protocolos de traballo onde: se lles teña en conta, permitan a racionalización do traballo, delimitación de funcións...

O Bloque Nacionalista Galego faise eco das demandas do colectivo de celadores/as do Hospital do Salnés e por esa razón preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-É coñecedor o Goberno galego da situación laboral e asistencial que están a denunciar @s celadores/as do Hospital do Salnés?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 13:01
Nº Rexistro: 11317
Data envio: 03/07/2017 13:01:01.115

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Coida o Goberno galego que a ratio de celadores/as existente no Hospital do Salnés é suficiente para atender as necesidades do mesmo?

-Vai equiparar a ratio de celadores/as a do resto de hospitais do Sergas, e polo tanto aumentar o cadro de persoal en polo menos 9 efectivos?

-Pode un hospital dar unha calidade asistencial digna e de calidade con tan pouco persoal?

-Vai proceder a establecer a dependencia orgánica d@s celadores/as da Xefatura de Persoal Subalterno da EOXI, e o nomeamento dunha persoa responsábel no propio Hospital do Salnés?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 13:01
Nº Rexistro: 11317
Data envio: 03/07/2017 13:01:01.115

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 03/07/2017 12:52:51

Noa Presas Bergantiños na data 03/07/2017 12:52:58

Olalla Rodil Fernández na data 03/07/2017 12:53:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/07/2017 12:53:06

Xosé Luis Bará Torres na data 03/07/2017 12:53:09

Ana Pontón Mondelo na data 03/07/2017 12:53:12

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 14.09.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.2 12978(10/POC-002231)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as listas de espera non estruturais e as políticas de persoal da Consellería de Sanidade en relación coa cobertura dos permisos de vacacións, así como todas as relacionadas coa atención aos doentes nos hospitais do Sergas durante os meses de verán

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2017 11:15
Nº Rexistro: 12978
Data envio: 21/07/2017 11:15:35.660

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

A falta de transparencia da Consellería de Sanidade en relación ás listas de espera do SERGAS supón unha situación habitual dende sempre. A negativa do Goberno a dar a coñecer o número de persoas existentes nas listas non estruturais, pon en evidencia o intento por agochar unha realidade consecuencia das políticas de recortes e privatizacións nos servizos públicos.

O incremento de persoas nas listas de espera, vai inevitablemente ligado a un aumento de traslados a centros concertados/privados, derivando o orzamento público cara as empresas sanitarias do ámbito privado. Esta práctica provoca, que aquelas persoas que queren ser operadas nun hospital público, pasen a formar parte das listas non estruturais e polo tanto a perder o lugar que ocupaban nas listas estruturais no momento en que denegan ofrecemento de operarse na privada.

Con todo, a situación agrávase cando cada ano no Servizo Galego de Saúde, pechan na tempada de estío centos de camas hospitalarias sen máis motivo que o suposto aforro e afirmación errónea de que "no verán enferma menos a xente". Nada mais lonxe da realidade, durante os meses de verán a xente enferma igual, existindo picos de incidencia nas urxencias que chegan a producir colapsos como os acontecidos en anos anteriores.

Ademais, ao peche de camas é necesario engadir a continuidade das nefastas políticas de persoal da Consellería de Sanidade, que non dan cobertura aos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2017 11:15
Nº Rexistro: 12978
Data envio: 21/07/2017 11:15:35.660

permisos de vacacións de gran parte do persoal, aforrándose a Xunta de Galicia o custe das substitucións en detrimento do servizo sanitario público.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguintes **Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

1. **Cales son as listas de espera non estruturais do SERGAS?**
2. **Que número de persoal vai a disfrutar do seu período vacacional nos meses de verán nas diferentes áreas de xestión galegas? Cantas desas prazas van a ser cubertas con persoal eventual e cantas non?**
3. **De efectuarse un colapso, cal é o plan que se vai a seguir nos Hospitais do SERGAS, ben derivacións a centros concertados/privados, ben apertura de camas públicas ou ben manter aos doentes hospitalizados nas urxencias?**
4. **Vai a continuar a política de recortes e peche de camas a pesar dos colapsos vividos anos anteriores?**

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 21/07/2017 11:12:54

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 14.09.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.3 13133(10/POC-002279)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da demanda veciñal para a construcción dun centro de día no concello de Rianxo

Publicación da iniciativa, 159, 07.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2017 13:07
Nº Rexistro: 13133
Data envio: 27/07/2017 13:07:25.581

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Mª Dolores Toja Suárez, Noela Blanco Rodríguez e **Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Cando os socialistas gobernaban en Rianxo, e na comarca aínda non había ningún centro de día, o Concello, puxo a disposición da Xunta de Galicia un terreo, para a construción dun centro de día. A día de hoxe aínda non se construíu. Cunha poboación duns 11.400 habitantes, e con máis de 2.700 maiores o que representa case un 25 %, Rianxo, precisa deste centro de día e así se demanda dende fai tempo. En xaneiro, unha delegación da plataforma veciñal que avoga pola creación do centro para maiores en Rianxo presentou en torno a 3.000 firmas, na Xunta de Galicia. E dende fai dúas semanas están pechados no concello á espera dunha resposta por parte do Goberno, que no momento actual, nin sequera se achegou a falar coa veciñanza para coñecer as súas demandas.

Cando se crean centros de día, residencias de maiores, en xeral, cando se crean lugares nos que a xente maior poda pasar a xornada, compartindo espazos e experiencias con persoas en situación similar, o que se está facendo son políticas transversais. De pouco serven as políticas de igualdade senón contemplan estas opcións que permiten ás mulleres, porque a realidade é que seguen sendo as mulleres as que se ocupan do coidado dos maiores, desenvolver unha actividade profesional. Se trata de conciliación familiar, da ausencia de oportunidades, para atención á dependencia dos nosos maiores. Esta ausencia de oportunidades é un elemento que promove maior desigualdade de clase, maior desigualdade de xénero.

Os centros permiten ás persoas maiores permanecer no seu entorno, permiten a rehabilitación preventiva para acadar a autonomía persoal e mellorar as capacidades físicas e mentais. Pero hai outro factor moi importante, que é a parte social, permítenlle a socialización e isto mellora a súa autoestima, séntense máis útiles, en definitiva son máis felices, e para

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2017 13:07
Nº Rexistro: 13133
Data envio: 27/07/2017 13:07:25.581

os familiares encargados do coidado dos maiores, permítenlle a oportunidade de desenvolver unha actividade profesional.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora o Goberno galego a demanda feita polos veciños e veciñas de Rianxo da construción dun centro de día seu concello?
2. Púxose o Goberno galego en contacto cos veciños e veciñas de Rianxo durante o tempo que durou o peche no Concello co fin de escoitar as súas demandas? E no caso afirmativo, cando se produciron ditos contactos?
3. Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego para atender as demandas dos veciños e veciñas de Rianxo?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2017

Asdo.: Mª Dolores Toja Suárez
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 27/07/2017 12:55:40

Noela Blanco Rodríguez na data 27/07/2017 12:55:49

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2017 12:55:54

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 14.09.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.4 13473(10/POC-002361)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as modificacións orzamentarias das partidas da Consellería de Política Social no ano 2017

Publicación da iniciativa, 166, 31.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2017 10:20
Nº Rexistro: 13473
Data envio: 02/08/2017 10:20:42.275

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Manuel Lago Peñas e **Luís Villares Naveira,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de EN MAREA,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª,** sobre a modificación orzamentaria de partidas da Consellería de Política Social en 2017.

No ano en curso, logo de terse aprobado os Orzamentos de 2017, a Xunta modificou por catro veces distintas partidas da Consellería de Política Social.

O 22 de marzo de 2017, a Consellería de Política Social queda sen fondos para atender 90 novas solicitudes da RISGA, admitindo que quedou curta nas previsións –un mes despois de térense aprobado os Orzamentos de 2017-, detraendo para isto máis de 600.000 € do Programa de axudas para gastos farmacéuticos.

O 18 de abril de 2017, a Consellería de Política Social inicia un novo expediente para ampliar o crédito para a RISGA de cara a atender 129 novas solicitudes de axuda, polo que se procede a aumentar dita partida por importe de 864.792,11 € a costa das partidas de Axudas á Emerxencia Social e, novamente, ao Programa de axudas para gastos farmacéuticos.

Deste xeito, o Orzamento inicial da RISGA en 2017, incrementouse, en marzo e abril de 2017, en case 1,5 millóns de euros.

Posteriormente, modifícase en conxunto os Orzamentos da Xunta de 2017, por mal cálculo do Goberno da Xunta, engadíndose 4 millóns de euros á RISGA,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2017 10:20
Nº Rexistro: 13473
Data envio: 02/08/2017 10:20:42.275

pasando o seu orzamento dos 57,45 millóns de € ata 62.914.779 € (tendo en conta as modificacións anteriores), así como engadindo 2 millóns de euros á partida de axudas especiais de traballadores ERE (que tiña un cativo orzamento inicial de 250.000 euros).

O 4 de xullo, solicítase por parte da Consellería de Política Social unha nova transferencia de crédito orzamentaria por importe de 2.492.000 €, quitando este importe de axudas extraordinarias e de inclusión (cun orzamento inicial de 3.222.000 €, polo que queda con 732.000 €) para transferilo ao Programa de axudas para gastos farmacéuticos e a transferencias ás corporacións locais.

O 19 de xullo, a Consellería de Política Social solicita, novamente unha transferencia de crédito por importe de 36.667,61 € - que restará de centros de atención de infancia de 0 a 3 anos, así como de centros públicos de maiores para pagar salarios e indemnizacións ao persoal público-. Así mesmo, solicítase ampliación de crédito en 11.000,28 € para pagar seguridade social de persoal laboral, con cargo a partidas de centros de atención de infancia de 0 a 3 anos e de centros públicos de maiores.

Estas actuacións amosan, por unha parte, a falta de previsión da Xunta sobre os gastos destinados á RISGA – o que pon en evidencia que o Goberno galego infravalora o alcance da regresión social que se produciu durante a crise – e a insuficiente dotación de fondos para políticas sociais por parte da Xunta de Galicia.

Os orzamentos da Xunta de Galicia durante a crise non superaron en ningún ano dende 2011 os 10.000 millóns de euros. Este ano 2018, o teito de gasto elevarase ata 9.487 millóns de euros, inferior ás previsións de crecemento do PIB e manifestamente insuficiente, o que non permite recuperar o gasto público anterior á crise. Dende En Marea calculamos que os orzamentos da Xunta deben aumentar en 2.600 millóns de euros –tendo en conta tamén a necesaria revisión

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2017 10:20
Nº Rexistro: 13473
Data envio: 02/08/2017 10:20:42.275

do modelo de financiamento autonómico-, o que permitiría aplicar as políticas sociais e de fomento do emprego necesarias para comezar a superar a precaria situación laboral e social do pobo galego.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula as seguintes Preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

1. Vai a Xunta modificar as súas políticas de control do gasto público, ditadas polo poder financeiro internacional, e dotar para 2018 á Consellería de Política Social dun Orzamento que, canto menos, dobre o orzamentado en 2017?

2. Non lle parece á Xunta que este baile de cifras míseras nos Orzamentos de 2017 amosa a pobreza orzamentaria da Consellería de Política Social?

3. Vai a Xunta dotar de Orzamento suficiente en 2018 a Consellería de Política Social para poder cumprir co desenvolvemento da Lei de Inclusión Social, nomeadamente no que respecta á Renda Galega de Inclusión Social e á posta en marcha dos seus tramos de transición ao emprego?

4. Non lle parece unha burla á cidadanía o feito de que se reducira a partida orzamentaria do Programa de axudas para gastos farmacéuticos, destinada a paliar o "copago" de medicamentos, para logo volver transferirlle crédito quitando fondos de axudas extraordinarias e de inclusión?

5. Non considera a Xunta que persiste na improvisación orzamentaria ao non contemplar na fixación do teito de gasto para 2018 as previsións de modificación do modelo de financiamento autonómico?

6. A que responden exactamente as modificacións orzamentarias propostas pola Consellería de Política Social o 19 de xullo de 2017?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2017 10:20
Nº Rexistro: 13473
Data envio: 02/08/2017 10:20:42.275

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Manuel Lago Peñas

Luís Villares Naveira

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 02/08/2017 10:19:43

José Manuel Lago Peñas na data 02/08/2017 10:19:51

Luis Villares Naveira na data 02/08/2017 10:20:03

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 14.09.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.5 13897(10/POC-002451)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre o custo económico completo, en sinalización, papelería, modificacións informáticas e material sanitario, do cambio de nome do Hospital da Costa polo de "Hospital Público da Mariña Lucense"

Publicación da iniciativa, 166, 31.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2017 13:42
Nº Rexistro: 13897
Data envio: 08/08/2017 13:42:34.779

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Luis Manuel Alvarez Martínez, Concepción Burgo López e José Antonio Quiroga Díaz, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento de Galicia, na súa sesión do 11 de maio de 2017, aprobouse cos votos a favor do Partido Popular unha iniciativa para modificar o nome do Hospital da Costa para que se converta en Hospital Público da Mariña Lucense.

No debate producido, o voceiro do Grupo Parlamentario Socialista formulou a cuestión do custo do cambio do nome, en termos de sinaléctica, papelería, aplicacións informáticas, material sanitario e as diversas cuestións que foran precisas. A pesar desta cuestión, non foi aportada ningunha información sobre o tema.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o custo económico completo do cambio de nome do Hospital da Costa a Hospital Público da Mariña Lucense?

2. Cal é o custo económico en sinaléctica do cambio de nome do Hospital da Costa a Hospital Público da Mariña Lucense?

3. Cal é o custo económico en papelería (membretes, papel oficial, sobres, tarxetas, formularios, etc.) do cambio de nome do Hospital da Costa a Hospital Público da Mariña Lucense?

4. Cal é o custo económico en modificacións informáticas (aplicacións, formularios web, emisión certificados …) do cambio de nome do Hospital da Costa a Hospital Público da Mariña Lucense?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2017 13:42
Nº Rexistro: 13897
Data envio: 08/08/2017 13:42:34.779

5. Cal é o custo económico en cambio de material sanitario (roupa de cama, roupa sanitaria...) do cambio de nome do Hospital da Costa a Hospital Público da Mariña Lucense?

6. Ten a Xunta de Galicia un informe económico do custo do cambio de nome do Hospital da Costa a Hospital Público da Mariña Lucense?

Pazo do Parlamento, 8 de agosto de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Luis Manuel Alvarez Martínez
Concepción Burgo López
José Antonio Quiroga Díaz
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 08/08/2017 12:51:33

Noela Blanco Rodríguez na data 08/08/2017 12:51:39

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 08/08/2017 12:51:45

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/08/2017 12:51:52

José Antonio Quiroga Díaz na data 08/08/2017 12:51:57

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 14.09.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.6 14400(10/POC-002668)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dalgún estudo global que permita verificar a eficacia dos plans de emprego xuvenil levados a cabo dende o ano 2009, a súa valoración en relación cos resultados obtidos polas edicións anteriores deses plans e o grao de execución dos seus orzamentos, así como os datos referidos ás persoas beneficiarias

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 10:53
Nº Rexistro: 14400
Data envio: 22/08/2017 10:53:00.154

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade de avaliación dos plans de emprego xuvenil da Xunta de Galiza.

No pasado Consello de Goberno do 22 de xuño, a Xunta de Galiza anunciou un plan para impulsar o emprego xuvenil, investindo 9 millóns de euros en axudas para autónomos e a contratación de mozos e mozas menores de 30 anos. Co programa estima beneficiar a 1.200 mozos, polo que supón un custe por beneficiario de 7.500 euros. A iniciativa forma parte do Sistema de Garantía Xuvenil, e este ano prevé beneficiar a un 20% máis que na edición anterior, a do 2016, cando segundo a Xunta de Galiza acadáronse os 1.000 participantes.

O programa de Garantía Xuvenil en Galicia enmárcase dentro da Estratexia de Emprendemento e Emprego Xoven que, contempla actuacións que teñen como obxectivo mellorar a empregabilidade, facilitar a inserción no ámbito laboral, promover o emprendemento e mellorar a situación da mocidade dentro do mercado de traballo.

O programa inclúe tres liñas de actuacións. Unha liña destinada a apoiar o inicio de actividade do emprego autónomo, outra que ten como obxectivo fomentar

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 10:53
Nº Rexistro: 14400
Data envio: 22/08/2017 10:53:00.154

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nas empresas a contratación por conta allea, e por último unha liña destinada ás entidades sen ánimo de lucro, para incentivar a contratación dos mozos e mozas co obxectivo de "proporcionarlles unha experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción laboral". Nesta liña a Xunta de Galiza sinala que "primarase este ano, como novidade, o criterio de estabilidade laboral".

Con datos relativos ao primeiro trimestre do 2017 proporcionados pola Enquisa de Poboación Activa , observamos como das 323.900 mozas e mozos galegos de entre 16 e 29 anos, 118.900 (o 36,7%) están ocupados, 42.900 (o 13,2%) parados e os 162.200 (o 50,1%) restantes son inactivos.

A taxa de actividade entre a mocidade sitúase no 49,9%, e ademais, cunha evolución negativa durante o último ano, xa que caeu en 2 puntos. Mentres, a taxa de paro xuvenil deste colectivo é moito máis elevada que a do conxunto da economía galega, xa que se sitúa no 26,5%.

Son numerosos os plans impulsados pola Xunta de Galiza que, de xeito análogo a este, teñen enunciado nobres propósitos: a loita contra o desemprego entre a mocidade, a mellora da empregabilidade, o fomento da estabilidade... Porén, estes negativos datos a respecto do emprego xuvenil deberían levarnos a reflexionar sobre a utilidade e eficacia destes programas. É preciso realizar unha análise exhaustiva do cumprimento dos obxectivos enunciados para estes plans e verificar a situación laboral das persoas beneficiarias máis aló da duración da axuda, xa que as máis das veces supoñen unha transferencia directa de renda ás empresas contratantes sen contrapartidas nin garantías de permanencia ou estabilidade laboral unha vez rematada a axuda

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 10:53
Nº Rexistro: 14400
Data envio: 22/08/2017 10:53:00.154

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Ten realizado a Xunta de Galiza un estudo global que permita verificar a eficacia dos plans de emprego destinados á xente moza durante os gobernos de Núñez Feixóo?

-Caso de ser a resposta negativa, ten previsto a Xunta de Galiza realizalo?

-Realiza a Xunta de Galiza un seguimento sistemático que permita avaliar a eficacia das edicións anteriores destes plans?

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza dos resultados obtidos polas edicións de anteriores plans?

Que grado de execución tiveron os orzamentos das anteriores edicións dos Plans?

Cantas persoas beneficiarias da liña de axudas destinada ao inicio da actividade das e dos autónomos das pasadas edicións manteñen a actividade na actualidade?

Que porcentaxe representa sobre o total de persoas beneficiadas?

Cantas persoas teñen na actualidade un contrato indefinido derivado das axudas ás empresas para a contratación por conta allea?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 10:53
Nº Rexistro: 14400
Data envio: 22/08/2017 10:53:00.154

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que porcentaxe representa sobre o total de persoas contratadas mediante esta liña de axudas?

-Cantas persoas beneficiarias da liña de axudas destinada ás entidades sen ánimo de lucro permanecen contratadas nas mesmas na actualidade?

-Que porcentaxe representa sobre o total de persoas contratadas a través desta liña de axudas?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/06/2017 13:12:31

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 10:53
Nº Rexistro: 14400
Data envio: 22/08/2017 10:53:00.154

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 29/06/2017 13:12:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/06/2017 13:12:37

Olalla Rodil Fernández na data 29/06/2017 13:12:38

Noa Presas Bergantiños na data 29/06/2017 13:12:40

Xosé Luis Bará Torres na data 29/06/2017 13:12:41